

SAMOS

Anuncio

Finalizado ó prazo de exposición ó público da modificación da ordenanza fiscal núm. 14, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 1 de decembro de 2017, sen que se presentaran reclamacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario. De conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público para xeral coñecemento.

O texto integral da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES

ECONÓMICAS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

O Concello do Samos, de conformidade artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece o Imposto de Actividades Económicas que se rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro e Real Decreto Lexislativo 1259/1991 do 2 de agosto.

c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Exencións.

Están exentos do IAE:

- O Estado, os CC.AA., entidades locais e organismos autónomos.

- Os suxeitos pasivos durante os dous primeiros exercicios.

- Os seguintes suxeitos pasivos: as sociedades e suxeitos pasivos cuxo importe neto de cifra de negocios sexa inferior a 1.000.000 de euros. Para o devandito cálculo, se se trata de entidade que forme parte dun grupo de sociedades, terase en conta o importe neto de cifra de negocios do conxunto de entidades pertencentes ao devandito grupo.

- Entidades xestoras da S.S.

- Organismos públicos de investigación, establecementos de ensino custeados integralmente con fondos do Estado, CCAA ou entidades locais ou por fundacións e establecementos de ensino con concerto educativo.

- Asociacións e fundacións de diminuídos físicos.

- Cruz Vermella

- Os previstos en tratados internacionais.

Artigo 3º.- Bonificacións

1. Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

Artigo 4º Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, de acordo cos preceptos contidos na Lei e nas disposicións que a complementen e desenrolen e os coeficientes e as bonificacións prevista pola lei no seu caso, acordados por este Concello e regulados na presente ordenanza fiscal.

Artigo 5º.- Coeficiente de ponderación.

Sobre as cotas municipais, provinciais e nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo.

- 1,29 (de 1 a 5 millóns de euros)
- 1,30 (ata 10 millóns de euros)
- 1,32 (ata 50 millóns de euros)
- 1,33 (ata 100 millóns de euros)
- 1,35 (máis de 100 millóns)
- 1,31 (sen cifra de negocios)

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Contra das ordenanzas fiscais poderá interpor recurso contencioso-administrativo nos termos establecios no art. 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Samos a 30 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Asdo.: Julio Gallego Moure..

R. 0336